


MÉDICOS DE URXENCIAS HOSPITALARIAS:

A negociación pode ter chegado ao final. Información da Mesa Sectorial do 21/11/2006.

O Sergas presentou un **novo documento**, sobre o que se centrou o debate nesta reunión, no cal **incorpora bastantes dos aspectos que viñamos reclamando** dende que en xaneiro presentamos a nosa proposta sobre este tema e que non acababan de aparecer nos seus textos anteriores en termos aceptables para nós.

As novidades máis relevantes que se conteñen neste novo documento son:

- a xornada queda establecida en 1430 horas con carácter xeral, sen referencia a ningún número de noites mínimo, e en 1624 para quen non teña ningún tramo nocturno
- a efectos de cómputo de xornada, a distribución mensual será de 130 horas ordinarias e un máximo de 60 horas complementarias, para respetar o límite das 48 horas
- as horas que superen ese límite serán compensadas como extraordinarias, en descanso (duas horas por unha) ou con retribución (175% do valor da hora ordinaria), a elección do/a traballador/a, quedando condicionadas á inexistencia de persoal disponible
- os complementos por turnicidade, nocturnidade e festividade páganse dende a primeira hora (no documento anterior estaban condicionados á realización dun mínimo)
- defínese como turnicidade a realización non só dos turnos tradicionais de mañán-tarde-noite, senón o traballo realizado en horario diurno e nocturno con calquera tipo de turno (de 7, de 10, de 12, de 17 ou de 24 horas)
- as horas que excedan as 1430 anuais ou as 130 mensuais paganse como horas ordinarias
- cada servizo de urxencias deberá definir un plan funcional, negociado co seu persoal, co seguinte contido:
 - o carteira de servizos
 - o determinación dos postos de traballo e das súas características
 - o horario
 - o cartelera de presenzas anual
 - o calendarios de vacacións
 - o horarios de reunións conxuntas do servizo



- desaparece do documento a esixencia de probas periódicas de competencia, por non estar definidas nin nos requisitos nin nas características nin nas consecuencias
- aparece, inda que de forma un tanto ambigua, o obxectivo de reducir xornada complementaria nocturna para maiores de 55 anos.

O noso prantexamento final foi que con estas incorporacións **a posibilidade do acordo era xa moito máis cercana**, anque considerabamos necesario introducir algúns cambios adicionais no texto (ademáis de modificacións de algunha redacción). **O que queremos modificar é:**

- o valor que aparece asignado á hora ordinaria, que o Sergas cifra en 23,53 e nós entendemos que deben ser 25,55
- a expresa consideración do tempo de sesións clínicas e reunións de traballo do servizo como xornada
- o tratamento na comisión de seguimento, ademáis dos sistemas selectivos que xa figuran na páxina 5 do documento, das condicións de convocatoria das xefaturas para dar acceso preferente ao persoal do propio servizo
- a revisión da redacción do apartado referente á exención de noites para dotalo de maior concreción.

O SERGAS condicionaba a aceptación destas modificacións á firma do acordo nesta mesa, ao cal nos opuxemos reiterando a nosa vontade de sometar á valoración do colectivo a ratificación do texto final (ofrecimoslle mesmo a opción de recollelo nun preacordo). Pediu un posicionamento das demais organizacións, que foi favorable á firma do acordo.

Logo do novo debate, o Sergas quedou de introducir estas modificacións. A próxima reunión, na primeira semana de decembro, o SERGAS pretende que sexa xá de peche/firma. Se realmete recolle as nosas propostas, e a opinión maioritaria dos médicos de urgencias hospitalarias é favorábel ao acordo, CIG-Saúde o firmará..